

informa **TEO**

TURISMO O Concello limpa a parcela da Tomada



O Concello estivo limpando a parcela da Tomada, na parroquia de Calo, cunha superficie de 10.308 metros cadrados, e que ata o momento estaba completamente invadida pola maleza. A carballeira pertencía á igrexa e no convenio marco que se asinou co Arcebispado de Santiago en decembro do 2018 acordouse a compra da mesma para poder recuperar este espazo verde para o uso público.

O alcalde de Teo, Rafael Sisto, explica que “no último trimestre do ano pasado puidemos formalizar a compra do terreo por 60.000 euros, o que se marcaba no convenio, e nestes momentos xa estamos facendo a limpeza da mesma”. A leira ten un valor na taxación realizada de 118.000 euros e está situada moi preto da igrexa de Calo, concretamente entre a Casa Común Marisa Mirás e o tanatorio de Calo.

Trátase dunha carballeira moi ampla á que practicamente non se podía acceder. Neste momento unha gran parte do terreo xa está

accesible. Os traballos de roza foron realizados por dous traballadores forestais contratados cunha subvención da Xunta de Galicia, o APROL rural. Estarán contratados a xornada completa durante un ano e despois de rematar os traballos na Tomada está previsto que realicen diversos traballos de limpeza de camiños tradicionais. Estas tarefas de limpeza están deseñadas dende a área de Desenvolvemento Local e Turismo.

Na Tomada comezouse rozando a maleza e retirando hedras de moitos dos carballos aos que estaban danando. Tamén se retiraron exemplares de acacias xa que son árbores invasoras e neste contorno búscase manter unha vexetación tradicional.

Por outra banda o persoal contratado a través do programa APROL tamén está realizando a recuperación de camiños históricos peonís nas parroquias. Comezaron por Lampai limpando o camiño que une a Agrela con Mosteiro pasando polos muíños ó longo do río •

A carballeira da Tomada, cunha superficie de 10.000 metros cadrados, volve ser accesible tras os traballos realizados.

Nova edición do Delas Fest

A artista gráfica Lidia Cao deixou a súa impronta na fachada do Pavillón Deportivo de Calo, no marco da última edición do festival feminista de arte urbana e contextual.

O Delas Fest, que comezou o 24 de agosto e se prolongará ata o 20 de setembro, é o primeiro festival de arte urbana con perspectiva de xénero en Europa e ten lugar nos concellos de Teo, Ames, Santiago e Brión. Trátase dun proxecto pioneiro organizado por 7H Cooperativa Cultural co obxectivo de democratizar a expresión artística na rúa e contribuír ao combate das desigualdades materiais e simbólicas que sofren as mulleres que crean no espazo público.

O festival presentou un programa de actividades composto por unha intervención artística e un obradoiro de creación en cada un dos concellos; encontros de convivencia entre colectivos, asociacións veciñais e artistas; e a xornada de análise e creación colectiva “Muller e Cultura Urbana” que, enmarcada no Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021, ofreceu sesións de faladoiros, debates, unha jam de improvisación pictórica con spray e un concerto. No caso concreto de Teo realizouse un obradoiro de Graffiti e protesta social impartido por Lupita Hard.



A artista Lidia Cao, ante súa obra na fachada do Pavillón Deportivo de Calo.

En Teo a intervención realizada por Lidia Cao ocupa un espazo central no pavillón de Calo. Trátase da imaxe de dúas leiteiras, un traballo feminino que en décadas pasadas permitiu o empoderamento de moitas mulleres no rural. A imaxe destas dúas mulleres é unha homenaxe ás traballadoras do mundo rural.

Malia a situación que atravesamos no sector cultural pola crise do coronavirus, a gran acollida da experiencia inaugural alentou aos promotores a seguir adiante. Grazas ao éxito da campaña de mecenado na plataforma Goteo.org, na que se involucraron preto de 400 persoas, así como ao apoio dos concellos de Santiago, Ames, Teo e Brión; aos patrocinios de Cuarto Pexigo, Fundación Didac, Montana Colors, Gadis e Ibersa; e á colaboración da Cidade da Cultura, o Delas Fest reforza a súa aposta pola xeración de espazos que favorezan a igualdade de xénero no sector •

TURISMO A área de pernocta do Xirimbao xa está preparada para o seu uso

A concelleira de Turismo explicou que este tipo de visitas están en auge, polo que hai que estar preparadas.

Dende a área de Turismo estívese traballando nun espazo singular do Concello como o Xirimbao, onde se rematou a zona de estacionamento e pernocta de autocaravanas. No pasado, neste lugar xa se realizara un espazo para o estacionamento de catro autocaravanas grazas a unha subvención da Deputación da Coruña. Este verán estívese facendo fosa estancia para o depósito de augas negras. Esta obra rematouse nos últimos días e deste xeito as persoas turistas que se acheguen en

autocaravana poderán baleirar augas negras e grises. Este investimento, asumido con fondos propios, estivo algo por riba dos 10.000 euros. Este espazo no Xirimbao é o único do Concello que conta na actualidade cunha zona habilitada para este tipo de vehículos. Iria Otero, concelleira de Turismo, explica que neste momento ese tipo de turismo está en auge en parte pola situación que vivimos este ano e pensamos que esta infraestrutura do Concello era importante” •

O Concello reforma o local da Pontevellela

O Concello de Teo vai executar a reforma do Centro Social de Reis, unha obra cofinanciada pola Deputación da Coruña a través do Plan Único de Concellos. Os traballos que se van realizar neste edificio municipal centraranse no mantemento da edificación, a reforma da instalación eléctrica e a colocación dun sistema de protección contra incendios.

En total, os traballos previstos polo proxecto de reforma están valorados en 101.231,21 euros, dos que a entidade provincial achegará 99.993,64 euros mentres que a administración local aportará un total de 1.237,57 euros.

Características do local e obra

Este complexo, construído no ano 1995, está composto por unha planta baixa e un soto e presenta unha superficie útil de 559,75 metros cadrados.

A reforma prevista neste proxecto inclúe varias actuacións. Así, instálase un falso teito, renovaranse as placas de xeso laminado e pintaranse a fachada posterior e lateral esquerda. No relativo á reforma da instalación eléctrica, colocárase unha caixa xeral de protección e



medida, aplicarase unha reforma dos cadros eléctricos existentes e cambiaranse os cables da instalación interior con condutores de cobre. Dotarase ao mesmo do subministro de socorro mediante un sistema de alimentación ininterrompida, de acordo coa última normativa.

Por último, e no relativo á protección contra incendios, instálase unha porta cortalumes homologada e aplicarase unha capa de verniz ignífugo. Colocarase un extintor portátil de neve carbónica, un de po químico e un sistema de alarma. Tamén un sistema de abastecemento de auga contra incendios e un hidrante.

O prazo de execución dos traballos será dun mes contado desde a primeira acta de trazo de planta. As previsións que manexan actualmente dende Urbanismo apuntan a que as obras comezarán no mes de outubro •

Os traballos que se executarán neste inmoble estarán financiados con fondos locais e provinciais a través dunha subvención

SERVIZOS BÁSICOS



Melloras no parque da Casalonga

Dende a Concellaría de Servizos Básicos, na parte que atende os parques infantís, estase facendo un esforzo importante por mellorar as condicións destes espazos de xogo para o momento no que os/as nenos/as os poidan volver a utilizar. Coincidindo co inicio do colexio veñen de facerse as obras de reforma do parque da escola unitaria da Casalonga. Segundo explica o concelleiro, José Manuel Elías, “trátase da mellora dun parque moi demandando pola Anpa do CRA e que ademais ten uso pola poboación xeral”. Na escola hai máis de 30 nenos/as que o poderán usar a diario polas mañás e polas tardes, en canto as restricións o permitan volverá a ser de uso público.



DEPORTES Novas actividades deportivas adaptadas aos protocolos actuais

O curso 2020-21 será un curso especial para a práctica deportiva e as escolas e actividades necesitan adaptar os seus protocolos para axustarse á realidade sanitaria que exista en cada momento. Así, este ano haberá novidades en canto ao número de actividades, necesariamente reducidas por mor dos espazos que se empregarán, e tamén o número de prazas de cada actividade. Existirá, así mesmo, un seguimento das normas que se vaian ditando durante o curso para cumprir coa normativa sanitaria vixente. De feito, se houberse algún cambio na norma poderían suspenderse.

O prazo de inscrición comezará o 15 de setembro e estenderase ata o 23 do mesmo mes, data na que estarán dispoñibles as fichas de inscrición fisicamente na Casa do Concello e a través da web municipal. Así mesmo se algunha actividade excede o número da súa oferta, as prazas serán sorteadas publicamente. As listaxes provisionais publicaranse o 25 de setembro e nelas aparecerán as actividades nas que sexa necesario realizar un sorteo.

A matrícula en cada escola terá un custo de 60 euros anuais que se poderá dividir en tres pagamentos durante o curso. Así, o primeiro destes pagamentos debe realizarse do 25 de setembro ao 5 de outubro.

A programación de escolas deportivas municipais de Teo para este curso chega ata as

quinze modalidades diferentes, que se impartirán en diversas instalacións nos Tilos, na Ramallosa, en Calo, Cacheiras e Rarís, así como na piscina municipal cuberta da Ramallosa.

Actividades en distintos espazos

No pavillón dos Tilos desenvolveranse escolas de patín, atletismo e tenis en niveis iniciación e avanzado. Tamén nos Tilos, o Centro deportivo CJC acollerá as escolas de aeróbic e ximnasia para persoas adultas, o Club Family Os Tilos a de pádel, o Club San Francisco a de judo e karate. A escola de xadrez terá lugar na Casa Común dos Tilos.

Xa na Ramallosa, o pavillón Ezequiel Mosquera acollerá escolas de patín, minitenis, aeróbic, e tiro con arco. A piscina municipal acollerá as clases de natación e as actividades de ximnasia na auga e aquaeróbic, e as actividades en sala.

En Calo programáronse actividades de patín, baloncesto, tenis de iniciación e avanzado, taekwondo e kickboxing nas escolas e ximnasia, aeróbic e tenis para persoas adultas no pavillón polideportivo. Cacheiras acollerá as clases de rugby e fútbol americano no campo de fútbol, as de skate no IES, as de taekwondo en Cross Class e para persoas adultas ximnasia na Casa Común da Torre. A Casa Común de Rarís programa aeróbic para adultos •

As diversas instalacións municipais, como a piscina cuberta da Ramallosa, acollerán a programación de escolas deportivas

DEPORTES



Deportes pon en marcha 'Carreiros de Teo'

A Concellaría de Deportes programa rutas de sendeirismo para todos os meses do ano. Así, as persoas deportistas coñecer un pouco mellor o Concello. Ignacio Iglesias, concelleiro de Deportes, explica que “dende a concellaría queremos ofertar actividades deportivas fóra dos deportes regrados e pensamos que este tipo de rutas nas que a persoa camiñante pode decidir o seu propio ritmo son ideais para introducir ou manter a práctica deportiva”. Os carreiros de Teo serán percorridos de dificultade baixa ou media de entre 2 e 3 horas de duración. A data de cada ruta publicarase a primeiros de cada mes nas redes sociais de Deportes e será preciso anotarse enviando un correo electrónico a deportes@teo.gal ou chamando ao número 981 815 700. A primeira ruta terá lugar neste mes de setembro, concretamente será o domingo día 20.



As escolas culturais presentan a súa oferta

As escolas culturais repiten a oferta da anterior edición a pesar da dificultade que supón a situación sanitaria causada pola Covid-19. A formación será presencial en todas as escolas e cumprirán coas condicións sanitarias necesarias para poder levalas a cabo en cada momento. No caso de que non se puidera desenvolver a oferta presencial por causa dalgunha incidencia, seguirían coa formación en liña.

Continuará, polo tanto a mesma oferta ca no último ano, e no Auditorio Constante Liste da Ramallosa realizarase a escola de danza contemporánea destinada a un público de 11 a 16 anos, un obradoiro de programación destinado a nenas e nenos de 8 a 12 anos e un obradoiro de teatro para persoas a partir de 14 anos.

A escola de Tras do Eixo e a de Ameneiro acollerán a clase de artes plásticas, que se distribuirá en grupos por idades, sendo a idade máis baixa os 5 anos e con grupos tamén para as persoas adultas interesadas.

Por último, a Casa Común dos Tilos terá o obradoiro de guitarra durante as tardes do martes distribuído por niveis e poderá optar a el toda persoa a partir de 10 anos.



As actividades comezan a primeiros do mes de outubro e prolongaranse ata o mes de xuño, momento no que, como todos os anos, se dará clausura a estas escolas con distintas xornadas de exhibicións e exposicións dos traballos realizados durante o curso.

O prazo de inscrición comezará o 15 de setembro e estenderase ata o vindeiro 23 do mesmo mes, data na que estarán dispoñibles as fichas de inscrición fisicamente na Casa do Concello e a través desta web municipal. As listaxes provisionais publicaranse o 25 de setembro e, a partir de aí, poderá realizar formalización da inscrición liquidando a taxa correspondente á/s actividades -60 euros- mediante a folla normalizada de pagamento ou por transferencia bancaria e enviándoo por correo electrónico a cultura@teo.gal ou entregándoo no Departamento de Cultura •

O prazo de inscrición comeza o 15 de setembro e estedese ata o día 23. As fichas estarán dispoñibles na Casa do Concello.

Teo acolle o programa da USC para persoas maiores de 50 anos

Teo volve a acoller o programa Camiños de coñecemento e experiencia da USC dirixido a maiores de 50 anos. Será dende o 24 de setembro no Auditorio Constante Liste e para participar nas sesións non se require formación académica previa. A inscrición e matrícula pode facerse no Departamento de Cultura e Educación de luns a venres de 09:00 a 14:00 h, na Biblioteca do Grilo en Cacheiras de 10:00 a 13:00 h, no teléfono 981 806 400 ou en-

viando un correo electrónico a cultura@teo.gal. O 24 haberá un seminario de teatro sobre a construción do personaxe. O 25 un obradoiro de teatro, o 28 un seminario de historia sobre investigación da Galicia medieval. O 29 e o 30 un seminario e un obradoiro de economía circular. Todas as sesións serán de 16:30 a 18:00 h agás o 30. Tamén se programa unha visita ao arquivo da Catedral de Santiago nunha data pendente de confirmar •

As familias xa poden inscribirse no programa 'Teo Madruga' 2020-2021

As familias do Concello de Teo xa poden inscribir aos seus fillos e fillas no programa 'Teo Madruga 2020-21'. Este é un servizo de conciliación laboral e familiar no que poderá participar o alumnado dos centros públicos do municipio. Desenvolverase nos colexios de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, con actividade dende as 7:30 h ata o inicio das clases.

O programa planificará o servizo tendo en conta as medidas preventivas anti COVID-19, necesarias durante o presente curso. Ademais contará con persoal monitor que, durante o tempo de lecer, desenvolverán actividades de videoteca e biblioteca, xogos cooperativos, xogos de mesa e exercicios deportivos e de lecer. A intención é aproveitar este tempo de maneira lúdica e pedagóxica.

As persoas usuarias teñen as opcións de utilizar o 'Teo Madruga' de maneira fixa, discontinua ou ocasional. Quen acuda de maneira fixa, todos os días, deberá pagar unha cota mensual de 40 euros con servizo de gardaría e de 50 euros con gardaría e almorzo. O uso discontinuo, con días soltos de maneira estable, terá un custo do 25 % para cada día da cota que correspondería do prezo mensual



O programa pretende que os nenos e nenas aproveiten este tempo antes das clases de xeito lúdico e pedagóxico.

se se utilizase todos os días. E o uso ocasional, en días puntuais, ten un prezo de 3,50 euros por día con gardaría e de 4 euros tamén con almorzo. O Concello atenderá as circunstancias de cada unidade familiar para outorgar posibles exencións ou bonificacións nas cotas. estase estudando asumir o servizo de coidado de nenos/as entre as 14:00 e as 15:30 horas no CEIP dos Tilos. Este servizo tería un custe mensual de 40 euros. Ao peche do Informato estaba pendente das autorizacións de Educación •

Teo participará na limpeza simultánea de ríos de ADEGA

O Concello de Teo volve a participar este ano na limpeza simultánea dos ríos que impulsa a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) dentro do proxecto que desenvolven baixo o título de 'Ríos'. Trátase dunha xornada na que centos de voluntarios e voluntarias saen aos ríos das súas localidades para recoller o lixo que atenta contra a riqueza, valor e a beleza dos nosos ecosistemas fluviais.

Miles de quilos de refugallos xa foron extraídos de moitos ríos galegos polas persoas voluntarias que teñen participado nas distintas edicións deste programa ao longo dos últimos anos. Esta iniciativa cumpre este ano xa trece anos, nos que impulsaron

a protección do medio e das paraxes naturais das nosas localidades .

Como colaborar?

Neste 2020 as actividades de limpeza están programada para o domingo 27 de setembro. O Concello de Teo súmase a esta iniciativa promovida por ADEGA e convoca a todas as persoas interesadas en inscribirse a través do enderezo de mail voluntariado@teo.gal .

No caso de Teo, o curso fluvial escollido este ano será o rego de Sestelo. Toda a operativa será organizada polo equipo responsable do Servizo de Voluntariado do Concello de Teo •

En Teo este ano limparse o rego de Sestelo. A acción terá lugar o domingo 27 de setembro.

AXENDA DAS ASOCIACIÓNS 2020/2021

*As actividades culturais das asociacións son orientativas, ao igual que os seus horarios e emprazamentos. Poden sufrir cambios e modificacións. En todo caso todas estarán adaptada ás normativas en vigor da COVID-19.

Rosalía de Castro

ESCOLA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAIS

Baile tradicional. A partir de 4 anos. Sábados pola mañá. Os horarios acórdanse a principios de setembro.

Pandeireta. A partir de 4 anos. Sábados pola mañá. Os horarios acórdanse a principios de setembro.

Gaita e percusión. A partir de 7 anos. Os horarios concréntanse en setembro.

A presentación das escolas será o segundo sábado de setembro pola mañá no local da asociación.

TEATRO INFANTIL

De 6 a 11 anos. Os horarios: ao comezo de curso.

ESCOLA DE PERSOAS ADULTAS

Acordeón, gaita e pandeireta. Os horarios e prezos destes cursos coñeceranse en setembro.

Consultar en: asociacion@rosaliacacheiras.org

Arc Os Tilos

CONCILIACIÓN

Espazos lúdico-educativos con xogos e obradoiros.

De luns a venres de 16:00 a 20:30 horas. Horario ampliado de 15:00 a 20:30 horas. Actividades específicas para nenos e nenas desde os 3 ata os 12 anos. Comezo en setembro.

CLUB DE MAIORES

Espazo con actividades de envellecemento activo.

De luns a venres de 16:00 a 19:30 horas. Para maiores de 60 anos. Desde setembro.

ACTIVIDADE DE INGLÉS

De luns a xoves. Consultar horarios na A.R.C. Os Tilos. Para alumnado dos cursos de Primaria e de Secundaria e para persoas adultas. Comezo en setembro.

ACTIVIDADE DE PILATES

Os martes e os xoves. De 19:30 a 20:15 h ou de 20:30 a 21:15 h. Para persoas adultas. Comezo en outubro.

ACTIVIDADE DE GUITARRA E UKELELE

Venres. De 18:00 a 19:00 horas. A partir de 6 anos de idade. Comezo previsto para outubro.

CAMPAMENTOS URBANOS

Nos períodos de vacacións escolares.

De 7:30 a 15:30 horas. Posibilidade de ampliación horaria. Nas instalacións da asociación. Para nenos e nenas a partir dos 3 e ata os 15 anos. Máis información: 981 819 501 (de 16:30 a 21:00 h), no 673 769 537, en arcostilos@arcostilos.org ou na sede, con cita previa.

Cruceiro do Monte

Esta entidade con sede en Solláns programa: **canto coral, traballos manuais, labores e bordado, curso de encaixe, gancho e encaixe, pandeireta, cestería de vimbios, ximnasia de mantemento e calceta.** Información: 677 242 766 ou 981 806 391.

Banda de Música Cultural de Teo

A Banda de Música Cultural de Teo ofrece **escolas** de solfexo, clarinete, frauta, percusión, trompeta, trombón, bombardino, saxo... As clases adoitan ser os venres pola tarde e os sábados pola mañá. Como complemento participar nas bandas infantil e xuvenil é gratuito.

Información no 666 274 791

e en www.bandaculturaldeteo.com

A Mámoa

Música e percusión tradicional. Escola: sábados de 10:00 a 12:45 h, por idade e nivel. Grupo: sábados de 13:00 a 14:00 horas.

Acordeón. Pendente de confirmar horario.

Baile tradicional. Escola: venres de 17:00 a 21:00 h, por idade e nivel. Persoas adultas: venres de 21:00 a 23:30 h, por nivel.

Pandeireta. Escola: venres de 17:00 a 21:00 h, por idade e nivel. Persoas adultas iniciación: venres de 20:00 a 21:00 h. Grupos: luns, martes e mércores, por idade e nivel.

Coral polifónica. Martes e xoves de 21:30 a 23:00 h. Correo electrónico: acamamoa@gmail.com

A Ponte Vella

Música tradicional. Gaita, acordeón e percusión. Martes no tramo de 19:15 a 23:00 h, con horario segundo idade e nivel.

Baile tradicional, grupo oficial. Xoves de 22:00 a 23:30 h.

Baile tradicional, escola. Sábados no tramo de 16:00 a 20:30 h. Horarios por idade e nivel.

Pandeireta, grupo oficial. Mércores de 21:00 a 22:30 h.

Pandeireta, escola. Sábados no tramo de 16:00 a 20:30 h. Horario segundo idade e nivel.

Iniciación á pandeireta para persoas adultas.

Mércores de 20:00 a 21:00 h.

Zumba. Luns de 21:30 a 22:30 h.

Ximnasia para persoas adultas. Luns e mércores de 20:30 a 21:30 h.

As clases poden experimentar cambios segundo o número de persoas anotadas. Máis información en www.apontevella.es

AAVV A Carballeira de Francos

A programación desta entidade inclúe: **pilates, manualidades, labores, ioga, zumba, informática, internet e apicultura.** Estas cinco actividades teñen pendente de concretar os días e os horarios. Información en avcarballeirasm@hotmail.com

AXENDA

Setembro de 2020



Martes

Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica.
De 10:00 a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

11 Venres. 19:30 horas. Teatro do **Redium Teatro: A nena que quería navegar**. Praza dos Encontros- Lucí.

12 Sábado. 21:30 horas. Cine ao aire libre, reprodución do **filme 'María Solinha'**. Praza dos Encontros - Lucí.

13 Domingo. 19:30 h. Espectáculo infantil a cargo de Peter Punk coa obra **'Chungo que te cajas'**. Campo da Festa de Bamonde.

15 Martes. 19:30 h. Tarde de **concerto familiar**. Pakolas en concerto. Montouto- Cacheiras.

Inicio **período matriculación escolas deportivas e culturais** ata o día 23.

18 Venres. 19:30. Inauguración do **Cruceiro de Agosto**, con música a cargo da Asociación Cultural 'A Mámoa'. Contacontos familiar: Paula Carballeira, 'Elas tres'. Campo da Festa de Agosto Oza.

20 Domingo. 13:00 horas. **Concerto da Asociación Banda de Música Cultural de Teo**. Campo da Festa de Ribas-Oza.

10:30 h. **Carreiros de Teo: 'O teito de Teo'**. Saída de Loureiro -estrada Rarís-Lampai-

26 Sábado. 17:00 horas. **Concerto Cé pantasma orquestra. Fíos do querer**. Parque dos Tilos. Apego

27 Domingo. 13:00 horas. Actuación da **Banda de Música da S.R. de San Xoán de Calo**.

19:30 horas. Teatro na rúa: **'O circo de Peter'**. Campo da festa do Ribas- Oza.

13:00 horas. **Concerto da Asociación Banda de Música Cultural de Teo**.

19:00 horas. Teatro na rúa: 'Cimanelo con danza, acrobacia, espontaneidade e sorpresa. Campo da festa de Rarís.

Falarmos É unha sección na que se recompilan palabras que fomenten a curiosidade e enriquezan o vocabulario de todas nós.

Setembro: palabras de... volta ao colexio



Da roda para a piola .

Estoxo
Lapis
(de cores)
xiz
Cadeira
Pupitre
Caderno
Bambán/
randeeira
Máscara

Edita: Concello de Teo

Dirección: Travesía da Ramallosa, nº 38, 15883, Lucí, Teo

Web: www.teo.gal

Correo electrónico: comunicacion@teo.gal

Teléfono: 981 815 700

Coordinación e redacción: Departamento de Comunicación

Deseño: seteseito | Maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta